

## Disponibilidade da aula

En principio pensaba utilizar un aula dotada con 6 ordenadores que se atopa na “parte nova” do instituto, porque a aula de referencia dos alumnos cos que vou facer a experimentación está ubicada na ampliación. Sen embargo, aínda que nesa aula hai conexión a Internet, os ordenadores son antigos e teñen pouca memoria. A aplicación Descartes precisa descargar applets de Java, seguramente me darían problemas ou no mellor dos casos a descarga sería lenta e nos faría perder tempo.

Entón vou a facer a experimentación nunha das novas aulas de informática

## Características dos ordenadores

Vou a utilizar unha das dúas novas aulas de informática que foron montadas ó comezo deste curso. Consta de 15 ordenadores máis o do profesor. As características dos ordenadores son as seguintes:

Ordenadores marca Dell con

Procesador AMD Athlon 64X2 Dual Core G

2,81 Ghz con memoria RAM de 1,93 GB

Capacidade do disco duro 74,5 GB

Lector de DVD

Varios lectores de tarxetas de memoria

Sistema operativo Windows XP, o do profesor ten ademais Linux. O ordenador do profesor non dispón do software que permite controlar desde el o que están facendo os alumnos.

Os ordenadores son todos novos, chegaron ó centro este ano 2008, están conectados en rede e dispoñen tamén da conexión a Internet xestionada polo servidor da Xunta.

## Agrupamento do alumnado

Como xa comentei na práctica 1 vou facer a experimentación cun grupo de catro alumnos (tres alumnos e unha alumna) de 4º ESO opción A. Desde que coñecín as características dos grupos nos que ía dar clase este curso tiveron claro que a experimentación a faría con ese grupo e non so polo número de alumnos senón polas características deles. Unha das vantaxes da aplicación Descartes é que favorece a atención á diversidade. Neste grupo tódolos alumnos repetiron algún curso, teñen pendentes as Matemáticas de 3º de ESO, moi baixa autoestima, desconfianza nas

propias capacidades, consideran “que as matemáticas se lles dan moi mal”, “que non son o seu”.

Por outro lado están moi ilusionados con dar a materia utilizando o ordenador, preguntanme cando empezamos, porque o ordenador “mola”; co cal a motivación (alo menos inicialmente) está garantizada.

### Distribución dos equipos

A distribución dos ordenadores na aula esta feita en forma de U.

Como dispoño de un número máis que suficiente de ordenadores colocarei a cada alumno nun ordenador, e dareilles unha atención personalizada.

### Conectividade a Internet

Os ordenadores están conectados en rede e dispoñen da conexión a Internet xestionada polo servidor da Xunta. As sesións marcadas no meu horario con este grupo son a primeiras horas da mañá, a esa hora non hai problemas e a velocidade é alta. De todos modos os materiais que vaia a utilizar poden instalalos previamente no ordenador.

### Outros medios didácticos

Tamén dispoño dun cañón de vídeo conectado ó ordenador do profesor que proxecta nunha pantalla portátil.